

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Plurilingüe Elviña
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 30-abril-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
*Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada	*Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada . CCEC/CCL *Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais
* Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical	* Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. CCEC *Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical
*Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música, colocación das notas no pentagrama, clave, figuras...	*Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música CCEC
*Seguir distintos tipos de partituras como apoio ás tarefas de audición	*Sigue partituras como apoio á audición CCEC
*Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical	*Describe os elementos das obras musicais propostas .CCL *Emprega conceptos musicais para comunicar *Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade
*Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música"	*Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.CCL
*Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións	*Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. CD *Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias
*Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	*Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical. CD
*Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	*Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Probas escritas (1ª e 2ª avaliación) Observación na aula virtual Entrega de tarefas semanais</p> <p>En Bacharelato, ademáis de centrarse a avaliación nas competencias clave e os contidos máis relevantes do primeiro e segundo trimestre, se terá en conta a evolución académica e madurativa demostrada polo alumno ou alumna ao longo do curso</p>
	<p>Instrumentos: Probas escritas/ Táboas de rexistro tarefas</p>
Cualificación final	<p><u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</u></p> <p>Media ponderada da 1ª e 2ª avaliación. Dende o inicio do estado de alarma valoración do interese e actitude e traballo desenvolvido durante o terceiro trimestre en clases non presenciais. Estas actividades terán un carácter diagnóstico e formativo e non terán un efecto negativo na media das primeiras avaliacións, a actividade do alumno pode sumar ata 2 puntos sobre a media arriba indicada.</p> <p>Para os alumnos que non teñan una cualificación igual o superior a 5, entrega durante o terceiro trimestre de traballos de recuperación</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Proba escrita de ser posible, con valoración dos estándares explicados antes do estado de alarma</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación: Non procede</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non procede</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Exercicios prácticos e traballos que deberán ser presentados semanalmente. Actividades de repaso dos temas dados na clase, de linguaxe musical, con enlaces a varios videos e audicións. Estas actividades terán un carácter diagnóstico e formativo e non terán un efecto negativo na media das primeiras avaliacións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Seguindo os apuntes, o libro, o material de Internet farán os traballos propostos pola profesora e recibidos a través do correo electrónico ou de Abalar Móbil ou as solucións informáticas propostas pola Consellería. Lembramos que con un móbil con datos tamén é posible acceder ás ensinanzas online, aínda que non é o ideal
Materiais e recursos	Ordenador con conexión a Internet, móbil con datos, mensaxes por Abalar Móbil, correo electrónico

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través de Abalar Móbil, mensaxería, correo electrónico, vídeoconferencia Figurará enlace na Aula Virtual do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.